

PLAN DE IGUALDADE CEIPP A FRAGA



ÍNDICE:

- 1- INTRODUCCIÓN
- 2- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA DO CENTRO
- 3- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO,
COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTITIFOBIA
- 4- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN
- 5- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS.
- 6- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

• INTRODUCCIÓN

O noso centro leva xa moitos anos traballando de xeito decidido a prol dos obxectivos coeducativos.

Nestes anos estivemos desenvolvendo actuacións como:

- Concretamos nos distintos plans de centro os obxectivos coeducativos: no PAT, no Plan de convivencia, no Proxecto lector etc.
- Nomeamos unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar. Na actualidade esta persoa é María Pérez Galdo en calidade de directora
- Concretamos os contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro, por exemplo, a través do Plan de acción tutorial.
- Tratamos de atallar problemas de conduta relacionadas co xénero (faltas de respecto, agresións, difusión de imaxes na rede...).
- Participamos en campañas de sensibilización entre os distintos membros da comunidade educativa para informar e concienciar ao alumnado, familias, profesorado) sobre igualdade de xénero, prevención da violencia de xénero,
- Cada curso escolar realizamos actividades de sensibilización dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial: o 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero o 8 de marzo, Día Internacional da Muller o celebracións LGBTI o

O curso pasado elaboramos o noso primeiro plan de igualdade onde partiamos do que xa tiñamos traballado en cursos pasados e o que xa tiñamos marcado no PEC, no PAT, Plan de Convivencia, NOF...

A finais de curso fixemos unha valoración do traballado en materia de igualdade no centro e tamén quixemos ter a opinión do alumnado a través dunha enquisa, na que participou o 77,5 do alumnado de 5º e 6º. Como conclusión a maior parte das preguntas o alumnado puntúa positivamente as accións levadas a cabo, aínda que todavía queda unha parte na que se ve que hai aspectos por mellorar. Por este motivo este curso intentaremos mellorar para que vexan:

- Un centro como un lugar seguro onde se respecta a condición sexual de cadaquén
- Un centro onde os nenos e as nenas vexan que poden facer as mesmas tarefas, que teñen a súa disposición os mesmos recursos e oportunidades
- Un centro onde o profesorado favorece a participación de todo o alumnado e favorece lecturas coeducativas
- Un centro onde o uso todos os espazos se atope en igualdade de condicións.

Por todo o anterior, seguiremos a reflexionar sobre isto e introduciremos pequenos cambios neste Plan.

• CONTEXTUALIZACIÓN

A igualdade no noso centro educativo está presente, ademais de neste documento, no proceso de ensinoaprendizaxe, no Plan de Acción Tutorial e no NOF. O traballo coordinado do equipo docente será importantísimo, establecendo as normas co grupo desde o inicio do curso, as medidas que se tomarán como sancións e como reforzos positivos. As decisións tomadas serán transmitidas ás familias, para que coñezan e apoiem nas casas as normas que se traballen no centro. A acción tutorial é un instrumento de gran importancia para desenvolver a igualdade. A través dela, o profesorado pode dispoñer dinámicas de consolidación do grupo-clase, achegar información ao profesorado e ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais, de formas de recoñecerse a si mesmos coas súas emocións e comportamentos así como de expresar as súas opinións.

De acordo ao establecido no Plan de Igualdade, deberá procederse a unha revisión dos demais documentos organizativos do centro e en concreto, as correspondentes programacións didácticas que incluírán criterios e procedementos para a promoción da igualdade.

De modo específico, o Plan de orientación educativa e o Plan de acción tutorial deberán adaptarse ao establecido no Plan de Convivencia, sinalándose as actuacións específicas que dende estes ámbitos contribuirán ao previsto no Plan de Igualdade. Na programación das sesións de tutoría deberán incorporarse de modo concreto contidos para levar a cabo o disposto neste Plan.

Desde o enfoque referido ao alumnado podemos falar dos obxectivos que se están a traballar desde hai uns anos.

Educación Infantil:

- Favorecer o desenvolvemento integral das nenas e nenos.
- Estimular a autonomía no ámbito persoal e escolar.
- Proporcionar estratexias para o desenvolvemento de competencias básicas para o equilibrio persoal e a potenciación da autoestima.
- Contribuír á integración das alumnas e alumnos no grupo clase.

Obxectivos para Educación Primaria:

A tutoría en Ed. Primaria desenvolverase nas seguintes áreas de traballo:

“Ensinar a ser persoa”

- Educar os alumnos na convivencia democrática e participativa.
- Favorecer o desenvolvemento moral e a adquisición de valores.
- Ensinarlle a aceptar a súa propia identidade e favorecer a súa autoestima. - Tolerar, respectar e valorar as diferenzas individuais.

“Ensinar a convivir”

- Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e na vida do centro, fomentando actitudes participativas.
- Respetar as normas de convivencia, aos compañeiros, ao profesorado, etc.
- Fomentar a cooperación, a solidariedade, o traballo en grupo.
- Establecer relacións fluídas entre os pais e o centro, o que influirá positivamente no rendemento dos alumnos.

“Ensinar a través da educación en valores”

- Favorecer o desenvolvemento integral da persoa no grupo e no medio en que vive.
- Desenvolver actitudes de solidariedade e cooperación ante os problemas sociais.

<p>• ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTITIFOBIA</p>
--

Como xa dixemos anteriormente, realizamos unha enquisa a unha pequena parte do alumnado para coñecer a situación de partida deste novo curso 2020-21, e tamén tentaremos facer durante o curso novas enquisas pero non só ao alumnado senón tamén as familias.

A información coa que contamos é a seguinte:

➤ **Conflitividade detectada no centro.**

Na actualidade o clima de convivencia no Centro é xeralmente bo, non existindo problemas de disciplina que poidan considerarse graves, nin tampouco relacionados con discriminación de sexo. Aparece de vez en cando algún conflito esporádico, para os que hai establecido un sistema de actuacións que funciona de forma correcta.

Os tipos de conflitos máis frecuentes son os seguintes:

Disrupción na aula: falar a destempo, erguerse sen permiso, falar cos compañeiros...

- Distracción e falta de atención.
- Esquecer o material para o desenvolvemento da clase.
- Perda de respecto entre iguais ou a menores durante o recreo.
- Desobediencia ás ordes educativas-formativas do mestre-familia. Pelexas, agresións

verbais ou insultos no tempo de lecer.


➤ **A enquisa**

As preguntas eran as seguintes:

1. Opinas que o teu colexio é un espazo seguro no que se respecta a condición sexual de cadaquén?
2. Cres que na escola os nenos e nenas fan as mesmas tarefas?
3. As nenas e os nenos poden aproveitar os recursos e oportunidades que ofrece o colexio na mesma medida? Ex. o patio, actividades deportivas...
4. Cres que o profesorado favorece que o alumnado traballe de xeito cooperativo entre nenos e nenas?
5. Pensas que o profesorado favorece que nenos e nenas participen por igual nas intervencións de clase e na realización de actividades?
6. Valorarías positivamente as actividades realizadas o 25 de novembro, 8 de marzo.. ?
7. Pensas que o colexio promove o uso de materiais didácticos igualitarios?
8. Desde o colexio pensas que se promove a participación non sexista en actividades deportivas?
9. Tes a sensación de que o profesorado promove as lecturas coeducativas nas actividades de promoción do hábito lector?
10. Cres que nos recreos podes usar os espazos en igualdade de condicións?
11. Hai algunha zona dos recreos á que nunca vas?


Os resultados:

O traballo de igualdade




En canto á representación de homes e mulleres no noso centro é a seguinte:


ALUMNADO




PROFESORADO




PERSONAL NON DOCENTE



CONSELLO ESCOLAR



DIRECTIVA ANPA MEDOÑAS



• **OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN**

No curso 2023-24 o CEIP Plurilingüe A Fraga quere ante todo ensinar a través de educación en valores a:

- ser persoa
- convivir
- pensar

Para este propósito temos os seguintes obxectivos:

- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

• **MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS**

Partiremos dos trazos definidores do noso estilo educativo:

- **A coeducación**
En todos os ámbitos: na linguaxe, nos agrupamentos, nas actitudes, ...
- **A inclusión**
Fomentando actitudes que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado descubriendo, potenciando e desenvolvendo as súas capacidades.
- **A cooperación.**
Desde unha perspectiva escolar e desde unha dimensión humana e social. Colaboración en vez de competición.
- **Apertura da escola ao entorno.**

Para o curso 2023/24 o noso centro acordou realizar as seguintes medidas de actuación co fin de impulsar os obxectivos coeducativos. Detallámolos segundo o ámbito de actuación.

1. Organización do centro:

- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no **Consello Escolar** para participar no impulso do Plan de igualdade como xa viñamos facendo en anos anteriores.
- Desde o **Equipo de convivencia**, en materia de igualdade no centro, guiarán para implementar as accións enmarcadas no Plan de igualdade. Con este obxectivo, decidimos que como este ano non podemos traballar de forma estreita co equipo de mediación para tratar de resolver de xeito pacífico e sen chegar a tomar medidas disciplinarias pequenos conflitos como os citados anteriormente, propoñen actividades para dinámicas relacionadas con distintas emocións, autocontrol, empatía, autoestima, habilidades sociais, actitudes positivas cara a saúde, ... e traballaranse desde a titoría.
- Difundiremos o plan de igualdade do centro entre os distintos axentes da comunidade
- Continuaremos coa **formación** do profesorado, en materia de igualdade.

- Vaise promover o uso dunha **linguaxe** inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Imos colaborar con outras **entidades, sempre que sexa posible**, na realización de actividades coeducativas, de sensibilización etc.
- Vanse concretar actividades arredor das **datas coeducativas** do calendario escolar:
- Actividades relacionadas contra a violencia o 25 de novembro,
- O día da Constitución o 5 de decembro,
- O día dos Dereitos Humanos o 10 de decembro,
- Día da Paz e non violencia, o 30 de xaneiro,
- Día da muller traballadora o 8 de marzo
- Antes do remate do curso facendo referencia ao 28 de xuño o día LGBTI.
- **vanse promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico** con perspectiva de xénero. Con este obxectivo, decidimos:
 - Promover entre o profesorado unha guía de identificación de estereotipos.
 - Promover entre as familias unha guía de xogo, xoguete e videoxogo non sexista.

2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

Vanse engadir actividades ao plan lector desde unha perspectiva de xénero co fin de incluír na hora de ler:

- as mulleres relevantes en cada ámbito do saber.
- os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres.
- as desigualdades de xénero.
- a conquista dos dereitos.
- os fitos da historia da humanidade. etc..

Tentamos promover un cambio metodolóxico a través da práctica docente desde unha perspectiva de xénero co fin de producir o cambio cara á escola coeducativa. Para incidir nela, vaise promover:

- A aprendizaxe cooperativa (fronte á competitiva) como oportunidade para o tratamento do conflito entre iguais, a negociación, a toma de decisións compartida e o respecto pola diversidade do grupo.
- As actividades nas que se fomente a aprendizaxe dialóxica (debate) e o espírito crítico fronte ás desigualdades.
- As actividades nas que se practica a comunicación non violenta (positiva, asertiva) como estratexia para resolución pacífica de conflitos.
- A aprendizaxe significativa co fin de coñecer os intereses, gustos, afeccións, realidades, problemas etc. do alumnado.
- A educación emocional, sobre todo este curso, ante a situación que estamos a vivir, co fin de favorecer a expresión das emocións e dos sentimentos.
- Construír espazos seguros para a súa expresión
- A adopción de normas de funcionamento e compromisos dentro do grupo.
- Actividades nas que se practica a corresponsabilidade no coidado das persoas, dos espazos e do medio.
- Abordar temáticas consideradas socialmente tabú, educativamente pouco abordadas, preocupantes socialmente etc. (educación afectivo-sexual, diversidade LGBTI, adiccións...) co fin de favorecer a visibilidade dos problemas existentes entre o alumnado.
- Vaise revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).

3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de xeito inclusivo:

Vanse promover **lecturas coeducativas** a través da biblioteca escolar. :

- Xa ampliamos os fondos da biblioteca con lecturas coeducativas a través do investimento do curso pasado, e este ano están dispoñibles
- Crear un espazo visible na biblioteca para visibilizar a sección coeducativa.
 - Vaise revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
 - Vanse xestionar as actividades de lecer e a ocupación do patio para favorecer a inclusión. Este ano como os recreos son diferentes intentaremos impulsar a práctica de determinados xogos cooperativos onde todo o alumnado se sinta partícipe.
 - Vaise previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero

4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

- Vaise promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Estableceremos compromisos de aula/centro para o respecto entre iguais ante problemas de convivencia comúns.
- Sensibilizaremos ante o que se entende como bo trato co fin de dar unha pauta de conduta, sobre en casos de novas aprendizaxes vitais (ex. Descubrimento do propio corpo, acollemento entre iguais, namoro, primeiro encontro sexual, compañeirismo, etc.).

Para traballar todo o anterior, algunhas das actividades a levar a cabo estes propósitos poden ser:

- Vídeo-forums
 - Organización de debates;
 - Traballo con fichas;
 - Xogos cooperativos e coeducativos
 - Dinámicas de role-playing;
 - Actividades de expresión corporal;
 - Análise dos contidos dos mass media;
 - Transformación dunha canción coñecida, noutra libre de ideas machistas, roles e estereotipos.
 - Exposición de fotografías que poña en valor os avances en igualdade
 - Actividades con contos coeducativos e que traten a igualdade desde a biblioteca
 - Recanto da igualdade dentro da biblioteca de centro
 - Charlas ao alumnado, profesorado e familias sobre estes temas.
- Formación do profesorado.

<ul style="list-style-type: none">• SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación forma parte natural do desenvolvemento do plan. Realizaranse unha avaliación continua, facendo valoracións en distintos momentos do mesmo, tanto por parte do profesorado implicado, como por parte do alumnado.

Para elo propoñemos situacións de recollida de información ao principio, durante o transcurso e ao final, empregando cuestionarios segundo o cumprimento dos obxectivos programados.

Por outra banda, tamén unha avaliación periódica que aporte información relevante e que permita mellorar os resultados e corraxir posibles disfuncións. Para poder valorar determinados indicadores, convén precisar que datos convén recoller, de forma que permitan unha análise das diferenzas e, con iso, mellorar as actuacións.

A modo de exemplo confeccionaríanse táboas deste tipo:

ACTUACIÓNS	REVISADO	RESPONSABLE
Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero e a visibilización adecuada do colectivo LGBT.		Claustro docente
Crear un espazo na páxina web para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.		Equipo TICs
Establecer pautas para a revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.		Xefatura de Estudos
Realización actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado nas capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero.		Departamento de Orientación e titorías
Difundir os protocolos de actuación na comunidade educativa.		Equipo Directivo e Departamento Orientación
Realización das actividades programadas en datas sinaladas (25 de novembro, 10 decembro...).		Equipo de Convivencia e titores
Revisar se se emprega una linguaxe inclusiva		Claustro docente
Promover lecturas coeducativas desde a biblioteca.		Equipo de biblioteca
Xestionar as actividades do patio para favorecer a inclusión.		Educación Física
Revisar a metodoloxía para que sexa activa, participativa e cooperativa.		Claustro docente
Revisar se as actividades programadas cumpriron os obxectivos de igualdade.		Claustro docente

